

Pazo da Trave

Tres rutas senderistas partindo do Pazo

As mellores vistas dende o Monte Castelo

Saímos do Pazo pola porta principal para enfiar a pista que pasa por diante da vella capela e o espectacular cruceiro. Seguímola carreteira, xiramos á dereita e collemos o segundo ramal á dereita para cruzar a vella ponte románica e xirar outra vez á dereita para pasar polo barrio de Abarrela.

Cando divisemos unha cruz sobre unha rocha de granito xiramos á esquerda ata tropezar coa primeira casa de Guistilán. Alí, á dereita, enfiamos un camiño de terra, seguindo sempre a orientación a esquerda e as indicacións pintadas en verde ata pasar a casa do gardabosques.



Subirémola pendente como vellos para chegar como xóvenes ó espectacular mirador e a unha fonte dende onde divísase todo o val do Landro con Galdo, Landrove e Viveiro ó fondo. Continuaremos todavía un treito por unha pista que surge á dereita ata a cima do monte, para facer cumbre xunto a unha

pequena capela, la do antigo druída San Miguel dende onde divísanse os municipio de Oourol e Viveiro e os quinze outeiros o colinas queredean o valle.


Volveremos polo mesmo camiño para completar os dez kilómetros de ruta que non necesitan máis que unha certa forma física e gañas de encherse so ollos de paisaxe encantado.

www.pazodatrave.com

Calle Trave s/n Galdo, Viveiro – Lugo Tel. 982 598 331 e-mail pazo@pazodatrave.com

Ruta por el Río Pequeno

Saímos pola porta do aparcamento e casi enfronte decidímonos por un pequeno sendeiro de terra que seguiremos ata seu fin para xirar alí a esquerda e logo á dereita, ó lado dunha pequena urna que garda un Cristo de Mequiné. Á esquerda temos o cemiterio, alarde de picapedreiros, e xa na carreteira xiramos á esquerda e despois entre campos, e seguimos a pista ata o río pequeno, que efectivamente, o é.



Seguimos seu curso, cruzamos un canal de desagüe dun muiño ata chegar a unha ponte de cemento admirando as casonas dos indios, de arquitectura habanera. Tras pasar Guistilán chegaremos ó Cristo de Landrove na carreteira xeral; á esquerda máis casas de indios e xa no cruce seguimos o indicador que di “Galdo, Pazo da Trave”, subindo ata unha vella ermita levantada en honor de San Martiño.

Agora segunda pista á dereita e seguir o camiño da esquerda para desembocar no barrio de A Trave de Abaixo, cruzamos e estamos casi de regreso no Pazo. Seis kilometros, dúas horas a marcha tranquila como o batir das palmeiras dos indios.

Paseo pola ribeira do río Landro ata Viveiro

Saímos dende o Pazo polo portalón do aparcadoiro e xiramos á esquerda para seguir a carreteira ata chegar á ponte e ó embarcadoiro.

Atravesaremos a ponte e chegamos ó punto de partida do paseo fluvial en Portochao, Magazos, que bordeando o Landro, levaranos ata As Aceas en Viveiro. Pasando pola Panela, un área de reserva de aves e o mosteiro de valflores, nun paseo de casi catro kilómetros que se fai arredor dunha hora, dificultad nula, disfrute pleno.

